



PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

CURSO 2023-2024



I.E.S. CONCEPCIÓN ARENAL



PRESENTACIÓN.

A continuación preséntanse a Programación Anual de Actividades para o curso 2023-2024 propostas polos Departamentos Didácticos e polo Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Esta programación non é un proxecto pechado e, ao longo do curso, presentaranse ao Consello Escolar, para a súa aprobación, todas aquelas actividades que vaian xurdindo e que polo seu valor didáctico, cultural, etc. sexan consideradas de interese.

Este Departamento estará aberto durante todo o curso ás suxestións aportadas polo profesorado, polo alumnado e polo resto da comunidade educativa. E tamén estaremos atentos a todas aquelas aportacións que contribúan á formación integral do alumnado e a participación do noso centro na vida social e cultural da cidade e da súa bisbarra.

A Vicedirectora

Asdo. Rocío Pérez Porto



ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN	4
2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS PARA O CURSO 2023-2024	10
2.1. Actividades complementarias: celebracións e conmemoracións.	10
2.2. Viaxes de estudos.....	11
2.3. Actividades extraescolares.....	12
2.4. Participación en plans, proxectos, programas, etc.:.....	12
2.5. Actividades coa Asociación de Nais e Pais de alumnos/as (ANPA).	13
2.6. Actividades organizadas polos departamentos didácticos.....	13
2.6.1. Departamento de Orientación.....	14
2.6.2. Departamento de Artes e Debuxo.	19
2.6.3. Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.....	22
2.6.4. Departamento de Economía.	24
2.6.5. Departamento de Educación Física.....	26
2.6.6. Departamento de Física e Química.	30
2.6.7. Departamento de Francés.....	31
2.6.8. Departamento de Inglés.	32
2.6.9. Departamentos de Italiano/ Latín e Grego.....	33
2.6.10. Departamento de Lingua Castelá.	35
2.6.11. Departamento de Matemáticas.	36
2.6.12. Departamento de Tecnoloxía.	38
2.6.13. Departamento de Ciclos Formativos.	40
2.7. Actividades do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.....	43
2.8. Organización, funcionamento e horario da Biblioteca “Saturnino Hermida”.	46



1. INTRODUCCIÓN:

Segundo o establecido na *ORDE do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento*, o programa anual de actividades complementarias e extraescolares incluirá as relacións secuenciadas e temporalizadas de:

a) **As actividades complementarias que vaian realizarse.**

Considéranse **actividades complementarias** aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considera-las visitas, traballo de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.

b) **As actividades extraescolares** de carácter cultural que se realicen en colaboración cos diversos sectores da comunidade educativa ou en aplicación de acordos con outras entidades.

Considéranse **actividades extraescolares** aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc. se realizan fóra de horario lectivo.

En ningún caso o contido destas actividades pode ser igual ou similar ó dunha ensinanza oficial do currículo.

c) **As viaxes de estudio e intercambios escolares** que se pretenden realizar.

d) **As actividades deportivas e artísticas** que se vaian celebrar dentro ou fóra do recinto escolar.

e) **A organización, o funcionamento e o horario da biblioteca do instituto.**



Características das Actividades Complementarias e Extraescolares.

Cando as actividades extraescolares sexan organizadas por entidades e deban realizarse dentro dos locais e instalacións do centro, haberá que respecta-la normativa reguladora da utilización destes locais e instalacións. Para a realización das ditas actividades é preceptiva a presentación por parte da entidade que as propoña dunha memoria descritiva que incluírá, entre outras, a concreción do financiamento da actividade e a garantía da asunción plena da responsabilidade contractual respecto do persoal que a vaia desenvolver.

A dirección e realización de actividades extraescolares de formación física, deportiva ou danza, en calquera das súas variantes, estará sempre a cargo de persoal técnico cualificado que dispoña de titulación académica suficiente para impartir este tipo de ensinanza, de acordo coa súa normativa, ou que estea legal e suficientemente habilitado para tal efecto pola Administración competente. Igualmente, requírese a suficiente acreditación ou titulación para a realización doutras actividades cando así estea estipulado por unha norma legal ou regulamentaria.

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou tutores sempre que se desenvolvan fóra do centro. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atendelos alumnos que non participen nelas.

Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respectalos principios de voluntariedade para os alumnos, non discriminación e ausencia de lucro. Non obstante o anterior, os institutos poderán recibir aportacións de distintas institucións ou asociacións para a realización delas. Estas actividades non poderán realizarse en detrimento das actividades inherentes ó currículo oficial.

Actividades complementarias e extraescolares nas Normas de Organización e Funcionamento do I.E.S. CONCEPCIÓN ARENAL (NOF).

Segundo recóllese nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro:

1. Toda actividade extraescolar ou complementaria deberá estar acompañada dos seguintes datos:
 - Nome da actividade.
 - Nome do coordinador da actividade.
 - Data e duración da actividade, con indicación do horario de saída e chegada previsto.
 - Nivel para o que está programada: curso da ESO, Bacharelato ou Ciclos.



- Gratuidade ou non da actividade.
- Relación do persoal docente do centro que participará na actividade e que será o responsable do alumnado durante a súa realización.
- Breve descrición da mesma.
- Finalidade e obxectivos que se pretenden acadar.
- Informe económico da actividade que incluírá a parte do custo que debe aportar cada alumno/a.

En vicedirección están os modelos de documentos para a súa tramitación.

2. A vicedirección terá que estar informada de todas as actividades.
3. As actividades programadas para un grupo concreto e cuns obxectivos elaborados para dito grupo non poderán ser ofrecidas a ningún outro grupo sen autorización previa de Vicedirección.
4. En canto ao número e distribución das actividades se terá en conta que sexan distribuídas uniformemente durante o curso escolar, evitando a súa realización en períodos de exames e avaliacións así como en datas posteriores ao 1 de maio para 2º de Bacharelato, e 15 de Maio para ESO, 1º Bacharelato e Ciclos. Asemade, un mesmo grupo de alumnos/as non poderá facer dúas saídas na mesma semana, nin máis de catro no mesmo mes.
5. No caso de coincidencia de dúas actividades para o mesmo grupo e se exceda o número de actividades para esa semana ou mes, se elixirá a máis axeitada fundamentada con criterios pedagóxicos.
6. Procurarase que as actividades programadas polo centro teñan o menor custe posible para que sexan asequibles á maioría do alumnado.

As actividades que teñan custo para o alumnado non poden ser obrigatorias nin avaliadas se non están recollidas na programación; neste caso, poden ser avaliadas como actividade. Ademais, aquel alumnado que non participa da actividade debe realizar unha actividade similar na aula.

As saídas dentro do Concello sen custo para o alumnado e dentro do horario lectivo son obrigatorias.



7. Se o número de alumnos/as que participan é superior a 1/3 recoméndase ao profesorado do grupo non avanzar materia nin facer exames mentres dure a saída.
8. O alumnado que non disfrute da saída asistirá ao centro e será atendido polo profesor o profesora da hora lectiva correspondente. No caso de que este fose un acompañante da actividade e estivera ausente, será substituído polo profesor/a de garda. As faltas do alumnado deberán ser rexistradas e comunicadas polo procedemento habitual.
9. Cando a realización dunha actividade impida á asistencia do alumnado as clases impartidas por outro docente, este será informado con tempo.
10. As familias serán informadas sobre a actividade proposta coa suficiente antelación.
11. O coordinador da actividade será o responsable da súa organización, así como da presentación dun breve informe sobre o cumprimento dos obxectivos previstos; asemade, fará unha avaliación da mesma, indicando posibles incidencias, problemas e solucións aportadas, así como suxestións para a planificación de sucesivas actividades.
12. Con carácter xeral, asignarase un docente por cada 20 alumnos e alumnas, aínda que este número pode variar dependendo das características da actividade e do grupo a quen estea dirixida.
13. A non entrega do documento de autorización/información por parte do alumnado, non respectar as datas de entrega sinaladas no mesmo ou non acadar un número significativo de alumnado inscrito poderá ser causa de anulación da actividade.
14. Durante a realización das actividades teranse que respectar as normas de convivencia, considerándose unha agravante faltar a estas durante as saídas do instituto, polo prexuízo que supón para todos os compoñentes do grupo.
15. Tendo en conta o escrito no punto anterior, o alumnado que cometa unha falta durante a realización das AACCEE poderá ser sancionado coa perda do dereito á participación nas mesmas durante un prazo que a normativa estableza.
16. Normas de comportamento para as viaxes de estudos:



- O alumnado que participa na viaxe de estudos debe acatar as normas de comportamento, puntualidade, visitas programadas, horarios e convivencia que indique o profesorado acompañante. Dito profesorado poderá decidir en que casos o incumprimento destas normas supón unha falta grave de disciplina.
- En todo caso están prohibidas e serán consideradas faltas graves:
 - o O consumo de alcohol ou sustancias estupefacientes, a alteración da convivencia no grupo, o roubo, a violencia cara a persoas ou bens materiais.
 - o No caso de pernoctar nalgún hotel, albergue ou similar, calquera saída dos mesmos despois da hora da retirada pactada co grupo.
 - o Utilizar calquera medio de transporte sen autorización expresa do profesorado responsable.
 - o A falta grave de disciplina supón o inmediato regreso do alumno ou alumna ao seu domicilio previa comunicación á familia, que autorizará por escrito o retorno e correrá cos gastos correspondentes.
 - o O alumnado deberá respectar tamén as horas de repouso nocturno no lugar onde estea aloxado no caso de viaxes de máis dun día.
 - o Unha vez efectuado o pago parcial ou total da actividade, non haberá dereito á devolución porque todo cambio no número de participantes ten repercusión directa no grupo en forma de encarecemento das costas que corresponden a cada un deles.
 - o Calquera outra falta que o profesorado acompañante estime.

Así mesmo, neste documento (NOF) recóllese o **Protocolo a seguir para a realización dunha actividade extraescolar ou complementaria:**

- 1- O coordinador ou coordinadora da actividade cumprimentará o modelo correspondente con un mes de antelación.
- 2- Vicedirección solicitará o medio de transporte, si fose necesario, con un mes de antelación.



- 3- O coordinador ou coordinadora da actividade solicitará con un mes de antelación as autorizacións pertinentes ao alumnado. Ningún alumno ou alumna poderá participar nunha actividade se non fai entrega da autorización asinada polos seus pais ou titores legais.

- 4- O coordinador ou coordinadora recaudará o diñeiro para sufragar os gastos da actividade (se é o caso).

- 5- Entrega na Vicedirección da relación do profesorado e alumnado implicados na actividade coas súas correspondentes autorizacións con quince días de antelación.

- 6- Unha vez realizada a actividade, o coordinador ou coordinadora cumprimentará unha memoria ou avaliación de dita actividade (segundo o modelo existente).



2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS PARA O CURSO 2023-2024.

2.1. Actividades complementarias: celebracións e conmemoracións.

Mes de outubro:

- Día Mundial da Saúde Mental.
- Festa do Magosto.
- Samaín

Mes de novembro:

- Semana da Ciencia e Día da Ciencia en Galego.
- Día Universal da Infancia.
- Día Internacional contra a violencia de xénero.

Mes de decembro:

- Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- Día da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Festa de Nadal.

Mes de xaneiro:

- Día Escolar da non Violencia e da Paz.

Mes de febreiro:

- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia.
- Festa do Entroido.
- Día de San Valentín.
- Día de Rosalía.

Mes de marzo:

- Día Internacional da Muller.
- Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.



Mes de abril:

- Semana da prensa.
- Día Mundial da Saúde.
- Día do Libro.

Mes de maio:

- Día de Europa.
- Semana das Letras Galegas.
- Celebración para a despedida dos alumnos de 2º de BAC e Ciclos.

Mes de xuño:

- Día Mundial do Medio Ambiente.
- Festival Fin de curso.

2.2. Viaxes de estudos.

4º ESO:

- Viaxe cultural de Fin de etapa.
- Lugar: a determinar.
- Época: primaveira.

É vontade desta vicedirección que todo o alumnado da ESO poida ter algunha saída ao longo do curso, polo que ademais das viaxes organizadas polos Departamentos Didácticos, contémpense as seguintes en caso de non levarse a cabo outras:

1º ESO:

- Viaxe cultural/ lúdico/ deportivo (1 ata 3 días según a disposición do centro).
- Lugar: a determinar.
- Época: a determinar.

2º ESO:

- Viaxe cultural/ lúdico/ deportivo (1 ata 3 días según a disposición do centro).
- Lugar: a determinar.
- Época: a determinar.

3º ESO:

- Viaxe cultural/ lúdico/ deportivo (1 ata 3 días según a disposición do centro).
- Lugar: a determinar.



- Época: a determinar.

O obxectivo das mesmas será mellorar a convivencia e fomentar a actividade física no alumnado. Podería substituírse por unha visita “urbana” ou a un espazo natural axeitado.

2.3. Actividades extraescolares.

Grupo de Teatro coordinado polas profesoras Iolanda Gomís e Miriam Varela.

2.4. Participación en plans, proxectos, programas, etc.:

Para este curso escolar 2023-2024 propóñense as actividades pertencentes aos diferentes plans, proxectos e programas que detállanse a continuación:

- PLAN DIRECTOR: charlas levadas a cabo polas Forzas de Seguridade do Estado para mellorar a convivencia e seguridade nos centros educativos e as seus contornas relacionadas con: acoso/ciberacoso escolar, TIC/ciberseguridade, violencia sobre a muller, drogas/ alcohol...
- Programas do PLAN PROXECTA da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.:
 - o Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD).
 - o Proxecta Ríos.
 - o Rede de Centros Escolares solidarios.
- Programa educativo “Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais” da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- III Edición del Concurso Ciberseguridade no Cole! organizado por Telefónica e promovido polo Nodo Gallego de Ciberseguridad CIBER.gal no do III Encuentro CIBER.gal.
- Programa "Rutas científicas, artísticas y literarias" do Ministerio de Educación y Formación Profesional.
- Programa de innovación educativa “CLUB DE CIENCIA” da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.



Ademais, se potenciarán todas aquelas actividades derivadas de proxectos, concursos, certames, etc. que organizadas por entidades públicas e privadas, reforcen e enriquezan a formación e vida do alumnado así como do resto da comunidade educativa.

2.5. Actividades coa Asociación de Nais e Pais de alumnos/as (ANPA).

O centro, a través da vicedirección, organizará e levará a cabo actividades coa finalidade de promover e fomentar a participación das familias así como colaborar na información e formación das mesmas atendendo as súas necesidades e intereses.

2.6. Actividades organizadas polos departamentos didácticos:

A continuación, preséntanse as actividades propostas para este curso 2023-2024 polos distintos Departamentos a vicedirección:



2.6.1. Departamento de Orientación.

DOCENTE/S IMPLICADAS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA Mª CASTRO ARES.	
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: Charla sobre o abuso de sustancias e outras conductas aditivas (a impartir por persoal de ASFEDRO). Obxectivo: Promover a responsabilidade en relación coa propia saúde, xerando actitudes saudables en relación co tema.	DATA/S: 1º Trimestre.
	DURACIÓN: 2 Sesións por grupo.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> • ESPAZOS: aula de cada un dos grupos. • MEDIOS MATERIAIS: probablemente, aula con ordenador e proxector ou pantalla dixital. 	GRUPOS/NIVEIS: 3º ESO

DOCENTE/S IMPLICADAS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA Mª CASTRO ARES.	
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: Actividades a nivel de centro co gallo da conmemoración do 25 N e do 8M, en colaboración, se é o caso, co concello. Obxectivo: Promover a igualdade/previr a violencia de xénero.	DATA/S: Arredor do 25N e do 8M.
	DURACIÓN: Pendente establecer.
MEDIOS REQUIRIDOS:	GRUPOS/NIVEIS: Todo o centro.

DOCENTE/S IMPLICADAS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA Mª CASTRO ARES.	
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: Charlas sobre a diversidade afectivo-sexual e de xénero (a impartir por persoal de entidades especializadas, como ALAS, ARELAS ou QUÉROTE+). Obxectivo: Fomentar actitudes de respecto ante a diversidade e previr situación de violencia/discriminación.	DATA/S: Xaneiro ou Xuño.
	DURACIÓN: Unha ou dúas sesións por grupo.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> • MEDIOS MATERIAIS: probablemente, aula con ordenador e proxector ou pantalla dixital. 	GRUPOS/NIVEIS: 2º, 3º e/ou 4º ESO



DOCENTE/S IMPLICADAS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA M ^a CASTRO ARES.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Charlas/obradoiros para a promoción da igualdade entre os xéneros a impartir por persoal especializado (pode realizarse en colaboración co concello ou outras entidades). Obxectivo: Promover a igualdade/previr a violencia de xénero.	DATA/S: 2º Trimestre.
	DURACIÓN: Varias sesións de clase por grupo.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> MEDIOS MATERIAIS: probablemente, aula con ordenador e proxector ou pantalla dixital. 	GRUPOS/NIVEIS: Todo o alumnado

DOCENTE/S IMPLICADAS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA M ^a CASTRO ARES.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Obradoiros de coeducación afectivo-sexual (a impartir por entidades especializadas como QUÉROTE+). Obxectivo: Promover a construción de actitudes saudables no ámbito afectivo-sexual.	DATA/S: 2º Trimestre.
	DURACIÓN: Unha ou dúas sesións por grupo.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> ESPAZOS: aula de cada grupo. MEDIOS MATERIAIS: probablemente, aula con ordenador e proxector ou pantalla dixital. 	GRUPOS/NIVEIS: 3º ESO

DOCENTE/S IMPLICADAS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA M ^a CASTRO ARES.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Charla “Non bloquees a túa saúde mental”, a cargo de persoal da asociación FEAFES Galicia. Obxectivo: Concienciar, sensibilizar e traballar co alumnado para previr situación de risco, no ámbito da saúde mental.	DATA/S: 2º Trimestre.
	DURACIÓN: 1 Sesión.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> ESPAZOS: aulas ou salón de actos. MEDIOS MATERIAIS: probablemente, aula con ordenador e proxector ou pantalla dixital. 	GRUPOS/NIVEIS: 1º BACH.



DOCENTE/S IMPLICADAS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA Mª CASTRO ARES.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Charlas de prevención de conductas de risco en relación co uso de internet, por entidades especializadas (por exemplo, as charlas “Navega con rumbo” do Colexio Oficial de Enxeñeiros Informáticos, o Proxecto de prevención do xogo patolóxico no ámbito escolar “Xogo Revolto” e/ou as charlas da asociación Pantallas Amigas). Obxectivo: Promover conductas responsables en relación co uso de Internet.	DATA/S: 2º Trimestre.
	DURACIÓN: Probablemente 1 sesión por grupo.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> • ESPAZOS: aula de cada grupo ou salón de actos. • MEDIOS MATERIAIS: probablemente ordenador e proxector ou pantalla dixital. 	GRUPOS/NIVEIS: 2º a 4º ESO.

DOCENTE/S IMPLICADAS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA Mª CASTRO ARES.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Visita a IES da zona con oferta de FP e/ou charlas do profesorado de FP (doutros centros/propio centro) co noso alumnado nas aulas. Obxectivo: Dar a coñecer ao alumnado a oferta formativa de FP.	DATA/S: 2º Trimestre.
	DURACIÓN: Unha mañá.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> • ESPAZOS: Centros de FP. • TRANSPORTE: segundo os centros que se visiten, é posible que se precise autobús. 	GRUPOS/NIVEIS: 4º ESO. Valorarase a posibilidade de incluír alumnado de BACH interesado na visita ou de 2º e 3º que poidan propoñerse para FPB.

DOCENTE/S IMPLICADOS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA Mª CASTRO ARES.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Charla sobre a FP DUAL. Obxectivo: Dar a coñecer esa opción formativa.	DATA/S: 3º Trimestre.
	DURACIÓN: 1 Sesión por grupo.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> • ESPAZOS: aula de cada grupo ou salón de actos • MEDIOS MATERIAIS: probablemente ordenador e proxector ou pantalla dixital 	GRUPOS/NIVEIS: 4º ESO, Bach. e Ciclos.



DOCENTE/S IMPLICADAS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA Mª CASTRO ARES.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Charla sobre bolsas FEUGA e bolsas da Fundación Universidade da Coruña, para alumnado que remata ciclos de FP. Obxectivo: Facilitar que o alumnado coñeza estes recursos, que poden facilitar a súa inserción laboral.	DATA/S: 3º Trimestre.
	DURACIÓN: 1 Sesión por grupo.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> • ESPAZOS: aula de cada grupo ou salón de actos • MEDIOS MATERIAIS: probablemente ordenador e proxector ou pantalla dixital. 	GRUPOS/NIVEIS: Ciclos de FP

DOCENTE/S IMPLICADAS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA Mª CASTRO ARES.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Visitas a campus universitarios da UDC (Coruña e Ferrol) e da USC (Santiago). Valorarase a posibilidade de visitar tamén o campus de Lugo, tendo en conta os intereses do alumnado). Obxectivo: Dar a coñecer ao alumnado a oferta formativa, instalación e recursos das universidades (bibliotecas, residencias...)	DATA/S: 3º Trimestre.
	DURACIÓN: Unha xornada lectiva completa por cada visita, agás no caso de Ferrol, para a que se precisará menos tempo.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> • ESPAZOS: Campus universitarios. • TRANSPORTE: autobús, agás na visita ao campus de Ferrol. 	GRUPOS/NIVEIS: BACH (todo o alumnado ou algunha modalidade).

DOCENTE/S IMPLICADAS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA Mª CASTRO ARES.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Participación na actividade "A USC Camiña". Obxectivo: Dar a coñecer ao alumnado a oferta formativa, instalación e recursos das universidades (bibliotecas, residencias...).	DATA/S: 3º Trimestre
	DURACIÓN: Parte dunha xornada lectiva.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> • TRANSPORTE: pode ser preciso autobús, dependendo de onde se leve a cabo a actividade (lugar por confirmar). 	GRUPOS/NIVEIS: 4º ESO e/ou BACH.



DOCENTE/S IMPLICADAS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA M ^a CASTRO ARES.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Charla do Programa A Ponte, da USC, sobre a oferta formativa na universidade. Obxectivo: Dar a coñecer a oferta formativa e os recursos complementarios para o estudantado.	DATA/S: 3º Trimestre.
	DURACIÓN: Unha sesión de clase.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> • ESPAZOS: aula de cada grupo ou salón de actos. • MEDIOS MATERIAIS: probablemente ordenador e proxector ou pantalla dixital. 	GRUPOS/NIVEIS: 1º BACH.

DOCENTE/S IMPLICADAS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA M ^a CASTRO ARES.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Charla do Programa A Ponte, da USC, sobre a oferta formativa na universidade e o sistema de acceso (ABAU e cuestións sobre o proceso de admisión). Obxectivo: Dar a coñecer a oferta formativa na universidade e os recursos complementarios para o estudantado, así como sobre a admisión	DATA/S: 3º Trimestre.
	DURACIÓN: 90 minutos.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> • ESPAZOS: aula de cada grupo ou salón de actos • MEDIOS MATERIAIS: probablemente ordenador e proxector ou pantalla dixital. 	GRUPOS/NIVEIS: 2º BACH.

DOCENTE/S IMPLICADAS: ALICIA VILAR BARREIRO, OLGA M ^a CASTRO ARES.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Visita á FEIRA DE ORIENTACIÓN. Obxectivo: Dar a coñecer ao alumnado a oferta formativa existente na FP, estudos superiores, etc...	DATA/S: Data por confirmar (probablemente Marzo).
	DURACIÓN: Unha mañá.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> • ESPAZOS: a actividade terá lugar, previsiblemente, no Auditorio de Caranza. • TRANSPORTE: autobús. 	GRUPOS/NIVEIS: 4º ESO. Valorarase a posibilidade de incluír alumnado de BACH interesado na visita.



2.6.2. Departamento de Artes e Debuxo.

DOCENTE/S IMPLICADOS: DEPARTAMENTO DE ARTES E DEBUXO.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Visitas ás exposicións e actividades culturais programadas na cidade e no entorno próximo.	DATA/S: Todo o ano.
	DURACIÓN: Variable, de ser en Ferrol, dúas sesións.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> TRANSPORTE: autobús, no caso de saídas fora de Ferrol. 	GRUPOS/NIVEIS: Todos os niveis.

DOCENTE/S IMPLICADOS: DEPARTAMENTO DE ARTES E DEBUXO.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Actividades no entorno próximo para desenrolar os currículos das materias do Dto : Roteiros pola cidade (modernismo, escultura urbana ...) Actividades de Debuxo, Murais, Proxectos Artísticos...	DATA/S: Todo o ano.
	DURACIÓN: Variable.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> TRANSPORTE: autobús, no caso de saídas fora de Ferrol. 	GRUPOS/NIVEIS: Todos os niveis.

DOCENTE/S IMPLICADOS: DEPARTAMENTO DE ARTES E DEBUXO.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Colaboración con actividades da Biblioteca, Grupo de Teatro e outras actividades do centro (Entroido festivais ...).	DATA/S: Todo o ano.
	DURACIÓN: Variable.
MEDIOS REQUIRIDOS:	GRUPOS/NIVEIS: Todos os niveis



DOCENTE/S IMPLICADOS: DEPARTAMENTO DE ARTES E DEBUXO.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Visita a escola de arte Pablo Picasso na Coruña, e máis algunha exposición de arte o museo da cidade.	DATA/S: 1º Trimestre.
	DURACIÓN: Unha mañá.
MEDIOS REQUIRIDOS: • TRANSPORTE: autobús	GRUPOS/NIVEIS: 1º Bach. Arte

DOCENTE/S IMPLICADOS: DEPARTAMENTO DE ARTES E DEBUXO.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Exposición de traballos alumnado de Arte na Fundación Exponav de Ferrol. Montaxe da mostra, e visita posterior co alumnado.	DATA/S: Decembro- xaneiro.
	DURACIÓN:
MEDIOS REQUIRIDOS:	GRUPOS/NIVEIS: 1º e 2º de Bach. Arte

DOCENTE/S IMPLICADOS: DEPARTAMENTO DE ARTES E DEBUXO.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Visita en coordinación co Dto. de Ciencias: visita aos museos científicos, e visita programada ao museo provincial de Arte moderno da Coruña.	DATA/S: 30 de xaneiro.
	DURACIÓN: Mañá e tarde.
MEDIOS REQUIRIDOS: • TRANSPORTE: autobús	GRUPOS/NIVEIS: 1ª ESO

DOCENTE/S IMPLICADOS: DEPARTAMENTO DE ARTES E DEBUXO.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: VIAXE CULTURAL ALUMNADO DE ARTE Planéanse unha destas opcións: - Viaxe a Porto - Lisboa: visita ás cidades históricas e museos (Fundación Serralves, Museo Gulbenkian...). - Viaxe Cantabria –Bilbao: visita ás cidades e museos (Museo Botín, Covas de Altamira, Fundación Chillida, Museo Guggenheim ...).	DATA/S: Febreiro (Pode variar).
	DURACIÓN: Catro días (tres noites). Aproveitarase o fin de semana.
MEDIOS REQUIRIDOS: • TRANSPORTE: autobús.	GRUPOS/NIVEIS: 1ª e 2º de Bach Artes.



DOCENTE/S IMPLICADOS: DEPARTAMENTO DE ARTES E DEBUXO.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Visita de orientación estudos de Arte: Escola de Arte Mestre Mateo, en Santiago de Compostela; Facultade de Belas Artes, Facultade de Comunicación Audiovisual, e Escola de Restauración.	DATA/S: Abril.
	DURACIÓN: Mañá e tarde.
MEDIOS REQUIRIDOS: • TRANSPORTE: autobús.	GRUPOS/NIVEIS: 2º Bach. Arte.

DOCENTE/S IMPLICADOS: DEPARTAMENTO DE ARTES E DEBUXO.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Visita de orientación estudos de Arte: Escola de Arte Mestre Mateo, en Santiago de Compostela; Facultade de Belas Artes, Facultade de Comunicación Audiovisual, e Escola de Restauración.	DATA/S: Abril.
	DURACIÓN: Mañá e tarde.
MEDIOS REQUIRIDOS: • TRANSPORTE: autobús.	GRUPOS/NIVEIS: 2º Bach. Arte.

DOCENTE/S IMPLICADOS: DEPARTAMENTO DE ARTES E DEBUXO.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Posible visita a cidade de Lugo. Visita monumentos da cidade e museos. Visita a Escola de Arte Ramón Falcón.	DATA/S: Por determinar.
	DURACIÓN: Mañá e tarde.
MEDIOS REQUIRIDOS: • TRANSPORTE: autobús.	GRUPOS/NIVEIS: 1º e 2º de Bach. Arte.



2.6.3. Departamento de Biología e Xeoloxía.

DOCENTE/S IMPLICADOS: M ^a DOLORES VIZOSO SANCLAUDIO E ANA BEOJARDÍN JAEL.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Ruta xeolóxica.	DATA/S: 1º trimestre
	DURACIÓN: Todo o día.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> TRANSPORTE: autobús. 	GRUPOS/NIVEIS: Alumnado de bioloxía e xeoloxía de 1º A, C de bach.

DOCENTE/S IMPLICADOS: M ^a DOLORES VIZOSO SANCLAUDIO E ANA BEOJARDÍN JAEL.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Visita á aula de simulación do CHUF. *Xa está solicitada dita actividade. Pendente de confirmación.	DATA/S: 1º trimestre.
	DURACIÓN: Toda a mañá.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> TRANSPORTE: autobús. 	GRUPOS/NIVEIS: Alumnado de anatomía de 1º bach.

DOCENTE/S IMPLICADOS: M ^o DOLORES VIZOSO SANCLAUDIO E ANA BEOJARDÍN JAEL.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Charla de donantes de órganos.	DATA/S: 2º trimestre.
	DURACIÓN: A hora de clase.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> ESPAZOS: biblioteca do Centro. 	GRUPOS/NIVEIS: Alumnado de anatomía de 1º A, C,E,F,G e H.



DOCENTE/S IMPLICADOS: DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Visita aos museos de Ciencias da Coruña (Casa do Home, Casa das Ciencias e Acuario. * Están solicitadas ditas actividades para o 30 de xaneiro e o 6 de febreiro pendentes de confirmación	DATA/S: 2º trimestre. Xaneiro- Febreiro
	DURACIÓN: Martes todo o día.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> • TRANSPORTE: autobús. 	GRUPOS/NIVEIS: 1º ESO todos os grupos 3º ESO todos os grupos.

DOCENTE/S IMPLICADOS: M ^a DOLORES VIZOSO SANCLAUDIO E ANA BEOJARDÍN JAEL.	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: Visita a un espazo natural.	DATA/S: 3º trimestre
	DURACIÓN: Todo o día.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> • TRANSPORTE: autobús. 	GRUPOS/NIVEIS: Alumnado de bioloxía e xeoloxía de 1º A, C de bach,



2.6.4. Departamento de Economía.

DOCENTE/S IMPLICADOS: DEPARTAMENTO DE ECONOMIA.	
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: Charla/obradoiro Escola Galega de Consumo.	DATA/S: 1º -2º Trimestre.
	DURACIÓN: 1-2 sesións de clase.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> ESPAZOS: aula/ salón de actos. 	GRUPOS/NIVEIS: 3º, 4º ESO

DOCENTE/S IMPLICADOS: DEPARTAMENTO DE ECONOMIA.	
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: Xornadas de Educación Financeira.	DATA/S: 2º Trimestre.
	DURACIÓN: 5 sesións de clase.
MEDIOS REQUIRIDOS: <ul style="list-style-type: none"> ESPAZOS: aula/ salón de actos. 	GRUPOS/NIVEIS: 4º ESO e 1º Bacharelato.

DOCENTE/S IMPLICADOS: DEPARTAMENTO DE ECONOMIA.	
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: Visita ao Parlamento.	DATA/S: 3º trimestre.
